

**Decreto \_\_\_/2012, do \_\_\_ de \_\_\_, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.**

A Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, crea unha rede ecolóxica coherente denominada Natura 2000, que constitúe un instrumento fundamental da política da Unión Europea en materia de conservación da biodiversidade. A rede Natura 2000 está composta polos Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), até a súa transformación en Zonas Especiais de Conservación (ZEC), e polas Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) declaradas segundo ás disposicións da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.

Coa adopción da Decisión 2004/813/CE da Comisión, de 7 de decembro, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da Rexión bioxeográfica Atlántica (DOUE nº L 387, de 29.12.04) e a Decisión 2006/613/CE da Comisión, de 19 de xullo, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da Rexión bioxeográfica Mediterránea (DOUE nº L 259, de 21.09.06), a Comisión Europea aprobou os 59 lugares de importancia comunitaria que foran propostos pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Galicia mediante o Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, integrou na Rede Galega de Espazos Protexidos todos os LIC propostos para formar parte da rede Natura 2000 e todos os lugares declarados como Zona de Especial Protección para as Aves conforme á Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de novembro, relativa á conservación das aves silvestres.

O artigo 42.3, da mencionada Lei 42/2007, de 13 de decembro, establece que unha vez aprobada a lista de LIC pola Comisión Europea, estes deberán ser declarados como ZEC polas comunidades autónomas correspondentes canto antes e como máximo nun prazo de seis anos, xunto coa aprobación do correspondente plan ou instrumento de xestión. Así mesmo o artigo 45.1.a, sobre medidas de conservación da rede Natura 2000, establece a obriga de elaborar plans ou instrumentos de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e que deben incluír, polo menos, os obxectivos de conservación do lugar e as medidas apropiadas para manter os espazos nun estado de conservación favorable.

A Xunta de Galicia considera que as áreas mariñas dos espazos marítimo-terrestres que forman parte de Natura 2000 no litoral galego, manteñen unha clara continuidade ecolóxica coas áreas terrestres contiguas, polo que segundo o establecido no artigo 36.1 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, correspóndelle a súa declaración e a determinación da fórmula de xestión. Sen detrimento do que se estableza de común acordo coa Administración Xeral do Estado en relación á colaboración necesaria na xestión da biodiversidade nas áreas mariñas de Natura 2000.

Os límites xeográficos dos LIC que se declaran ZEC no presente Decreto correspóndense coa Información Oficial Natura 2000 (cartografía e Formulario Normalizado de Datos Natura 2000) relativa aos LIC de Galicia que foron dixitalizados sobre unha base cartográfica a escala 1:50.000 e aprobados pola Decisión 2004/813/CE da Comisión, de 7 de decembro, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da Rexión bioxeográfica Atlántica (DOUE Nº L 387, de 29.12.04) e a Decisión 2006/613/CE da Comisión, de 19 de xullo, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da Rexión bioxeográfica Mediterránea (DOUE Nº L 259, de 21.09.06). Estes límites difiren dos correspondentes aos espazos da Rede Galega de Espazos Protexidos declarados baixo a categoría de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), mediante o Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (DOG Nº 69, de 12.04.04), que incluían a proposta de LIC de Galicia, pero cunha delimitación máis precisa dixitalizada sobre unha base cartográfica a escala 1:5.000. Sobre esta delimitación de LIC máis precisa baséase o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. En setembro de 2011 iniciouse ante a Administración Xeral do Estado o procedemento de validación das modificacións relativas á cartografía oficial do LIC con motivo dun cambio de

escala, polo tanto, devanditos límites non formarán parte da Información Oficial Natura 2000 até a súa validación pola Comisión Europea, tal e como queda recollido na Disposición transitoria primeira do presente decreto.

Doutra banda, a información recollida no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia relativa aos tipos de hábitat naturais e ás especies de interese comunitario presentes nas ZEC e ZEPA difire, por estar máis actualizada, da Información Oficial Natura 2000 recollida no Formulario Normalizado de Datos Natura 2000. Dita información non formará parte da Información Oficial Natura 2000 até a súa validación pola Comisión Europea, tal e como queda recollido na Disposición transitoria segunda do presente decreto.

O día 13 de xuño de 2011 presentouse o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible como órgano consultivo de carácter colexiado da Administración pública galega, iniciándose así o procedemento de participación pública establecido no artigo 16.1 a) da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. Tras o período de consultas, acordáronse unha serie de modificacións para a mellora do documento.

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia establece un conxunto de obxectivos e medidas de xestión para os lugares que integran a rede na Comunidade Autónoma, coa finalidade de asegurar un estado de conservación favorable dos tipos de hábitats naturais e das especies de interese comunitario da Directiva 92/43/CEE e das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE. Trátase dun instrumento de planificación e xestión que se estrutura e adapta á figura de plan de ordenación dos recursos naturais, figura que permite a planificación en rede e está prevista tanto na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza, como na Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, complementando os obxectivos formulados en ambas as normativas cos obxectivos e directrices para a xestión dos espazos protexidos Rede Natura 2000.

En consecuencia, o presente Decreto ten por obxecto declarar como Zonas Especiais de Conservación os Lugares de Importancia Comunitaria presentes en Galicia e aprobar o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, instrumento de planificación que recolle as medidas de xestión necesarias para o mantemento, ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos hábitats naturais e os hábitats das especies de interese comunitario e das especies de aves ás que se refire o artigo 4 da Directiva 2009/147/CE no ámbito dos espazos protexidos Rede Natura 2000.

Polo anteriormente exposto, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.4 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, con informe previo da Consellería de Facenda e tras a deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día xxxxxx de 2012.

DISPOÑO:

## Capítulo I Zonas Especiais de Conservación

Artigo 1. *Declaración de Zonas Especiais de Conservación.*

1. Decláranse Zonas Especiais de Conservación (ZEC) os Lugares de Importancia Comunitaria relacionados no Anexo I do presente Decreto, no que se concretan os hábitats e especies que motivan a súa declaración.
2. A delimitación xeográfica das ZEC do Anexo I do presente Decreto correspóndese cos límites xeográficos dos Lugares de Importancia Comunitaria aprobados pola Decisión da Comisión 2012/13/UE, de 18 de novembro de 2011, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, unha quinta lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica e pola Decisión da Comisión 2012/9/UE, de 18 de novembro de 2011, pola que se adopta, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do

Consello, unha quinta lista actualizada de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica mediterránea.

## Capítulo II Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

### Artigo 2. *Aprobación do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.*

1. Apróbase o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, plan de ordenación dos recursos naturais dos espazos protexidos Rede Natura 2000 de Galicia, integrado por unha parte dispositiva e mapa de límites e zonificación que se conteñen nos Anexos II e III do presente Decreto.
2. O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia será de aplicación ao conxunto dos espazos protexidos Rede Natura 2000 de Galicia, constituídos por 59 Zonas Especiais de Conservación (ZEC) e 16 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA).

### Artigo 3. *Xestión.*

1. Con carácter xeral a concesión das autorizacións e emisión de informes que se requiran en virtude das presentes medidas de conservación corresponden aos órganos superiores da administración periférica da consellería competente en materia de conservación da natureza. A concesión de autorizacións e emisión de informes daquelas actuacións que, conforme a este plan, requiran avaliación de impacto ambiental corresponderán á Dirección Xeral competente en materia de conservación da natureza, sen prexuízo das autorizacións que puidesen corresponder a outras administracións.
2. A Dirección Xeral competente en materia de conservación da natureza será a responsable da posta en marcha das medidas de xestión contidas no Plan, en coordinación coas administracións públicas competentes.
3. Os procedementos de avaliación das repercusións de plans, programas e proxectos sobre os espazos protexidos Rede Natura 2000, terán que axustarse ademais da a lexislación autonómica, ao establecido no artigo 45 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

### Artigo 4. *Colaboración entre Administracións Públicas.*

A Dirección Xeral competente en materia de conservación da natureza promoverá a colaboración entre as Administracións Públicas afectadas para garantir o cumprimento dos obxectivos das medidas de conservación dos espazos protexidos Rede Natura 2000, en particular naquelas marítimo terrestres sobre as que o estado teña competencia na parte mariña. Habilitaranse os mecanismos de colaboración entre as Administracións implicadas para garantir a adecuada xestión dos espazos protexidos Rede Natura 2000.

### Artigo 5. *Réxime de infraccións e sancións.*

O réxime sancionador aplicable aos espazos protexidos Rede Natura 2000 será o establecido na Lei 9/2001, de Conservación da Natureza, na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e na Lei 41/2010, de 29 de decembro, de Protección do Medio Mariño.

### Artigo 6. *Acceso á información contida no Plan Director.*

A consellería con competencias en materia de conservación da natureza deberá garantir o acceso permanente á información contida no Plan Director, incluída a cartografía, e manter actualizada dita información cando se produzan modificacións ou revisións, así como das medidas de conservación que o desenvolvan.

Disposición transitoria primeira. *Límites xeográficos das ZEC.*

En tanto non se produza a validación dos límites a escala 1:5.000 por parte da Comisión Europea, permanecerán vixentes os que forman parte da Información Oficial Natura 2000 (cartografía e formulario normalizado de datos) actual.

Disposición transitoria segunda. *Información relativa aos tipos de hábitat naturais e especies de interese comunitario presentes nas ZEC e ZEPA.*

A información actualizada recollida no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia relativa aos tipos de hábitat naturais e especies de interese comunitario presentes nas ZEC e ZEPA non formará parte da Información Oficial Natura 2000 en tanto non se produza a súa validación pola Comisión Europea.

Disposición final primeira. *Vixencia e modificación.*

As presentes medidas de conservación e xestión terán unha vixencia de 6 anos, prorrogándose a súa aplicación en tanto non sexan aprobadas outras que as substitúan. A Consellería con competencias en materia de conservación da natureza poderá proceder ao seu desenvolvemento mediante a elaboración de medidas de conservación e xestión específicas para cada ZEC, ou ben para determinados hábitats ou especies, ou mediante o establecemento de novos obxectivos operativos de conservación cos seus correspondentes indicadores. Ditas medidas e obxectivos operativos específicos poderán ser aprobados mediante orde, respectando o establecido no título III da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

Disposición final segunda. *Derogación normativa.*

Queda derogado o disposto no artigo 2 do Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

Disposición final terceira. *Entrada en vigor.*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

Santiago de Compostela, xx de xxxx de 2012.